



NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Poño no seu coñecemento que a Alcaldía do Concello de Cee procedeu a convocar a sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal que deseguido lle notifico:

CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 29 de maio de 2020

Hora: 20:00

Lugar: SALA DE CONFERENCIAS, SITA NO 3º ANDAR DA CASA DA CULTURA DE CEE (Conforme artigo 85 do ROF, por razóns de forza maior, habilitase este local, dado que o actual Salón de Plenos non permite celebrar a sesión coas garantías e requisitos legalmente establecidos co motivo do COVID-19. Aforo limitado os asistentes convocados).

Indicacións: Deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene e a distancia mínima de seguridade.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:
 - I. Acta da sesión celebrada o 30 de abril de 2020.
 - II. Acta da sesión celebrada o 20 de maio de 2020.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EMPREGO

2. Proposta da Alcaldía relativa á modificación do artigo 3 do Regulamento da venda ambulante no Concello de Cee.
3. Proposta da Alcaldía relativa a aprobación do Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local ou as prazas de vixilantes municipais.
4. Proposta da alcaldía relativa a declaración de postos vacantes na RPTPF por xubilación voluntaria por anticipo da idade.



5. Proposta da Alcaldía relativa á Aprobación Convenio entre a Comisión Interuniversitaria de Galicia e o Concello de Cee para celebrar as probas da ABAU do ano 2020.

DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DE CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS PÚBLICOS

6. Proposta da alcaldía relativa a repercusión do canon establecido no seu día á explotación da estación de autobuses e á cafetería.
7. Modificación contractual do contrato da xestión interesada do servizo da piscina municipal e outras actividades deportivas de Cee a instancia de VIRAXES SL (Proposta de Melloras).

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM.

8. Proposta da alcaldía relativa a aprobación do CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

9. Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 251/2020 do 28 de abril á Nº 320/2020 de 21 de maio.
10. Dar conta do envío o MFAP da execución orzamentaria Primeiro Trimestre 2020.
11. Mocións de urxencia.
12. Rogos e preguntas.

SEGUNDO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos.

TERCEIRO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.

[DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE]

A secretaria, Rocío Hermida Cancela